


I TROFEO DE ATLETISMO CAMPO A TRAVÉS

"CIDADE DE SANTIAGO"

15 e 29 Novembro 2008


Parque de Eugenio Granell

(Restollal)



CONCELLO DE SANTIAGO

FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO




Organiza




FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO

Patrocina



CONCELLO DE SANTIAGO

Colabora



I TROFEO DE ATLETISMO CAMPO A TRAVÉS "CIDADE DE SANTIAGO"

15 e 29 Novembro 2008

Parque de Eugenio Granell
(Restollal)



SAÚDA

A promoción do Deporte de Base constitúe un dos obxectivos que definen as liñas de actuación que estamos a desenvolver desde o Concello de Santiago. Dentro do abano de modalidades deportivas que conviven na nosa cidade, o atletismo debemos consideralo un deporte en auxe que cada día amosa o seu crecemento a través da celebración de carreiras e eventos populares que teñen esa capacidade de xuntar a miles de atletas. Claro exemplo disto témolo na carreira da nosa cidade: "A Carreira Popular Camiño de Santiago".

Baixo esta premisa, decidimos celebrar o "Trofeo Cidade de Santiago" de Atletismo de Campo a Través, unha competición que se dividirá en dúas xornadas (15 e 29 de novembro) e que terá como protagonistas ao futuro deste deporte: as categorías base (de benxamíns a cadetes). Este trofeo aberto a todos os clubs, entidades, asociacións e ata atletas individuais, non só do noso Concello, senón de toda Galicia, terá como escenario un dos Parques máis visitados polos nosos cidadáns, onde se mesturan a beleza e a pureza da contorna: o Parque Eugenio Granell.

Só me queda desexarvos que participedes da ilusión e espírito deportivo que esperta este deporte e, ante todo, que gocedes con ledicia e diversión da experiencia.

Por último quero felicitar á Delegación Local da Federación Galega de Atletismo polo extraordinario labor e a ilusión que están a poñer na organización desta actividade.

Andrés Fariña Cadenas
CONCELLEIRO DE DEPORTES



REGULAMENTO DA COMPETICIÓN

I TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS CIDADE DE SANTIAGO

A [Federación Galega de Atletismo](#) a través da súa Delegación Territorial de Santiago organiza a petición do Concello de Santiago de Compostela o primeiro trofeo "Cidade de Santiago de Campo a Través Escolar" da tempada 2008-2009. Estas xornadas forman parte da Programación Deportiva do Concello de Santiago de Compostela.

REGULAMENTO DAS PROBAS

- As xornadas celebraranse no Parque de Eugenio Granell situado no Restollal (a carón do Hipercor) nas seguintes datas:
 - 1ª Xornada: 15 de novembro
 - 2ª Xornada: 29 de decembro
- As categorías de competición serán as seguintes:
 - BENXAMÍN: Atletas nados nos anos 2001 (só 3), 2000 e 1999
 - ALEVÍN: Atletas nados nos anos 1998 e 1997
 - INFANTIL: Atletas nados nos anos 1996 e 1995
 - CADETE: Atletas nados nos anos 1994 e 1993
- Nestas xornadas poderán participar tódolos centros Escolares, Clubs, Entidades Deportivas e atletas a nivel individual que o desexen sempre e cando teñan formalizado o correspondente seguro escolar (información no tf.: 981 583978) ou federativo.
- Estableceranse dous tipos de clasificacións:
 - Individual: por orde de chegada. Nela tomarán parte tódolos atletas que o desexen e se inscriban de xeito individual.
 - Por equipos: formalizando a inscrición como equipo cun número de 6 compoñentes dos cales puntuarán os 4 mellores clasificados (dun mesmo clube, entidade ou centro escolar, poderán formarse varios equipos, tendo que ser diferente a súa nomenclatura (equipo A, equipo B,...)). Os membros dos diferentes equipos en cada categoría, tamén entrarán na clasificación individual. En categoría benxamín os equipos serán mixtos.

- TROFEOS. Habrá trofeo para:
 - Os 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo en cada xornada.
 - O equipo gañador de cada xornada en cada categoría e sexo (agás na categoría benxamín que serán mixtos).
 - Premio final o clube, centro ou entidade que aporte máis participantes en ambas xornadas.
- Os horarios e distancias a percorrer en ambas xornadas serán as seguintes:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
11:00	BENXAMÍN (MIXTO)	800 m
11:15	ALEVÍN FEMININO	1200 m
11:30	ALEVÍN MASCULINO	1900 m
11:45	INFANTIL FEMININO	1900 m
12:00	INFANTIL MASCULINO	2900 m
12:20	CADETE FEMININO	2200 m
12:45	CADETE MASCULINO	3500 m
13:30	Entrega de Trofeos	-----

- As inscricións poderán formalizarse no correo electrónico inscricionsFGAsantiago@gmail.com ou no FAX 981 191559, ata o xoves 13 de novembro para a 1ª xornada, e ata o xoves 27 de novembro para a 2ª xornada. Se desexan participar en ambas xornadas deben indicalo no momento de realizala inscrición (non será necesario repetila mesma).
- Para calquer información adicional sobre estas xornadas poderán facelo a través dos teléfonos de información 981192331/619847195 (Delegación de Atletismo de Santiago). Os dorsais recolleranse na Secretaría de Competición sita no propio parque ata media hora antes de cada proba.